Igrexa de San Xiao de Lardeiros

Lugar: A Igrexa | **Parroquia:** Lardeiros | **Coordenadas:** 42º59'40.7"N 008º17'33.7"W.

Accesos: Pola N-634 dirección Curtis, cóllese un desvío á man esquerda que leva a Lardeiros, onde se atopa a igrexa. Acceso por pista asfaltada.
Clasificación: Igrexa parroquial
Época: Século XVII
Contorna: Rural
Uso: Relixioso
Material orixinal: Pedra
Grao de protección: Catálogo Normas Subsidiarias Provinciais
Valoración do recurso: Atractivo local
Grao de utilización: Uso relixioso semanal por parte dos veciños do concello.
Sinalización: Si

Material Estado de conservación
Xeral: BO
Fábrica: Pedra BO
Carpintería: NON PROCEDE
Revocos: BO
Aleiros: BO
Cerraxería: BO
Cuberta: BO
Outros: NON PROCEDE
Estrutura: BO
Interior: BO



Igrexa parroquial de estilo barroco. Planta de cruz latina, dunha nave con capelas acaroadas ás costas. Mampostería enlucida e revocada con pedras de granito pizarroso nas partes nobres. Nave con bóveda de canón. Cruceiro con bóveda de arestas. No brazo norte do cruceiro, releve empotrado na parede en forma de templete de plateresco coa Virxe e mais o Neno. Capela acaroada ao norte con bóveda de arestas. Capela arrimada con retábulo pétreo na parede, fiestras marqueadas, corpo de retábulo con pilastras e fornelo central. Escudos nobiliarios da familia fundadora do padroádego.